

SEMINARIO



“Albania, a sorpresa do descoñecido”

DOCENTE: Xosé Antonio Neira Cruz

DATAS: 7, 8, 9, 10 de xaneiro de 2025

HORARIO: 10:30 a 12:30 horas

LUGAR: Por determinar

Prezo da matrícula: 23 € (alumnado IV Ciclo)

26,45 € (alumnado externo) +20,69 € (seguro de accidentes)

UNHA VEZ REALIZADA A MATRÍCULA, NON SE EFECTUARÁN DEVOLUCIÓNS AGÁS NO CASO DE SUSPENSIÓN DO SEMINARIO.

Prazo de matrícula: dende o 2 de setembro ao 16 de decembro

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IIIdActividad=14165>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN

Sumida na escuridade do seu pasado recente, Albania empeza a espertar como un destino que atrae e sorprende. Porén, pesan contra elas os tópicos, os prexuízos e o descoñecemento. Achegarse a Albania significa penetrar nunha historia e nunha cultura tan interesantes como a súa realidade xeográfica e artística.

OBXECTIVOS

- Afondar nas raíces históricas de Albania.
- Identificar as claves artísticas que marcaron a súa fisionomía.
- Percorrela nos seus vestixios, desde o pasado ata a actualidade.
- Entendela na súa realidade presente.

CONTIDOS BÁSICOS

1. Desde as orixes ata Bizancio.
2. O longo dominio otomano.
3. Dun reino títere á dictadura.
4. Un país que renace.

METODOLOXÍA:

O seminario organizarase en catro clases maxistras presenciais de dúas horas de duración cada unha organizadas segundo os criterios didácticos do profesor responsable. Na medida do posible procurárase a participación de axentes externos vencellados ao tema exposto a través de conexións por Teams ou outros medios tecnolóxicos.